

## POLÍTICA AMBIENTAL

---

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a Deputación de Pontevedra asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe a totalidade dos servizos realizados neste centro: Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral e Tesourería.

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da Deputación de Pontevedra coa mellora continua do comportamento ambiental e segundo os seguintes principios:

- Garantir o cumprimento dos requisitos legais e doutros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental
- Sensibilizar e formar permanentemente as persoas, motivándoas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios
- Protexer o medio ambiente:
  - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
    - Cun uso sostible dos recursos
    - Coa redución das emisións atmosféricas
    - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados
  - o Comprometéndose coa prevención da contaminación
- Establecer obxectivos e accións de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos

A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020